

Núm. 116

Tomo 10

nós.

CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso P. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

PAISAXES DA NEVE, por OUTEIRO ESPASANDÍN.

A VOLTA, por ALVARO DE LAS CASAS.

ESTAMPAS DE VIAXE, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

FALAN OS DE RIBADEO, por FRANCISCO LANZA

CATÁLOGO DE CASTROS GALEGOS.—V. A TERRA DE LOBEIRA, por FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS e XURXO LORENZO.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47.2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Agosto de 1933 ★ Núm. 116

P A I S A X E S D A N E V E

Luz manca, en coiros,
buscando a roupa que lle levou o vento.
En cada outeiro un desaffo
en cruz; batido do solano
o consolo isolado, feble, da salvación.
Emigraron os paxaros da alba
pol-as liñas magnéticas do rencor.
Adeus. Moi alá ¡adeus!
Brilo de sables que adentan
como chacales o cadavre
de unha Lua-pantasma.
As vontades en loita corpo a corpo
nun danzar alternado de arroaces;
e as ondas da neve—cabras celestiales—
morden as aristas dos penedos.

OUTEIRO ESPASANDIN.

A V O L T A

MAPAS dependurados nas paredes, unha mesa no fondo e, por unha parte e pol-a outra, ringleiras de bancos suxos. A esfera terrestre, colgada d'unha corda, bambéase isocronamente pulada pol-o vento que run-rea entr'as portas.

Unha fiestra aberta á campía. Vai sendo noite e olláanse por ela os derradeiros lumes do sol e as primeiras somas, que parez que veñen choutando por enriba dos valados a manducar nas coitadas chavolas aldeáns, que s'arremuiñan medoñentas en volta da espadana freiguesa.

Solpor outonizo nas penedías da serra de Milarelle. Fungan os pifeiros nas esgrevias ladeiras, e nos outos esvaise o brancor albe-xante dos granitos. Como micos enrabexados, mían os eixos dos carros pol-as congostas embaixo. Parrandean os rapaces no alpendre do Chuco de Laza. Por veces late-xan na fiestra, incertos de vieiros uns mou-chos miudos e titiriteiros aínda co-a quentura dos ovos. Agoíra un lebreu no liñar da Pepa Fanía.

Acougado nun sillón de patas retortas e braceiras mal cravadas, un vello-cego de ollos abertos-remexe nas suas longas barbas cincentas, como si estivese a fiar nunha roca. Sentado rente dele, un neno magro e loiro váille espricando todo o que se olla pol-a dereita e pol-a esquerda e pol-o regato embaixo, hastra os vals lonxanos de Vilafiz.

O neno

Eli está o casal do Lañelas, e aquiles cabazales que se ollan rente do Sagrado, por entre as cerdeiras do abade, son nosos: Máis alá está o pazo do Marqués.

O vello

De que marqués, pequeno?

O neno

Eso non lle sei; teño ouvido que foi un marqués que loitou cos mouros no tempo de Caí-fás. Pro de certo non lle sei. Oxe dinlle mar-

qués ao señorito Carlos que vive o máis do tempo no Madrí das Castelas.

O vello

E non se ollan dende eiquí as carballas do rexidor?

O neno

Alá están, perto do casal do Garabin; e in-do todo dereito rúbese ao castro de Lebre.

O vello

Que bela noite fai!

O neno

Non pense: fáille moita friaxe e d'eiquí a pouco ha ver coma orballa.

O vello

Eu gosto desta humidade e desta friaxe; paréz que se mete nos hosos pro métese tra-guendo todo b cheiro das campías, destas campías todas qu'eu levei sempre comigo, cravadas no peito, e que sempre estaban a purrar de min pra tragueme outra vez ei-quí. Sempre soñei co esta volta e ven sabe Deus qu'endexamais coidei voltar esí, cegui-ño de todo. Xa non vos ollarei mais, terras de San Martiño de Milarelle! (pausa).

O neno

Imos pechar que-xía. Agarde; vou a en-cender o candil.

O neno encende a lus e pouosa o candil enriba da mesa.

O vello, en tanto o rapaz fai as suas voltas, fica silenzoso, ollos cravados na pecha escuridade da noite.

O neno

Fai moito tempo que vostede non viña ao lugar?

O vello

Vai pra dez anos e, pol-o que se vé, está todo remudado. Tendes aínda a caixa das vorvoretas?

O neno

Ainda, pro o maistro tena sempre gardada; sete ou oito xa teñen as asas crebadas e hai dúas qu'están rilladas de todo. Non sei onde as ten, si non mostráballas.

O vello

E tendes aínda o dibuxo dos vermes de lúz, e as miocas e os ovos da seda?

O neno

Eso non-o vin endexamais.

O vello

Está todo remudado. Taparon a fiestra da horta, deixaron fundirse o pombal murxaron as mazanceiras, o limoeiro... Ti non oiche falar do meu limoeiro?

O neno

Pro vostede vivéu eiquí?

O vello

Si, meu rulo, si; pro tí, cantos anos tés?

O neno

Teño dez, xa feitos.

O vello

Aínda non naceras.

O neno

Xa vai tempo.

O vello

E dende entón non voltei.... teño sufrido moito! deiquí a pouco andarei pol-os camiños, com'os probes das portas.

O neno

Tan logo reparei en sí, maxinei que viña malillo: ten as mans xiadas com'os da frebe. E non ten medo d'andar soio? Pódelle pasar calquera cousa. Ven de moi lonxe?

O vello

De moi lonxe! Qu'importan légoas de mais ou de menos? Cando volto a estos recantos, chouto dez anos na miña vida. Ti non sabes o que é unha longura de dez anos: máis que d'eiquí a Madri.

O neno

Vostede con certeza non é d'esta parte.

O vello

Son da beira-mar, de contra Miñortos.

Mais esta é a miña casa probe, vella, desfeita? Tamén eu estou probe, e vello, e desfeito. Rematará de fundirse comigo, ha-e vere. Todo o meu espírito, toda a miña alma ficou n'estas paredes, baixo estes teitos que se desfán por días. Algunha cousa ha ficar en pé, ben o sei: o espírito que remexe neses libros e o sorrir de todol-os nenos que levan corrido por eiquí. Tamén o meu espírito ha vivir sempre en San Martiño de Milarelle: cando eu morra —qu'ha sere logo, xa o sei— a casa fundirase e ninguén no lugar dirá que se fundiu a escola pública, nin a escola de D. Grabiél, nin a casa de Lizo; dirán: fundiuse a escola de Xohan de Miñortos. Ficarán en pé a agulla preta do alcípreste, longo com'as miñas mágoas, e o rechouchío dos reiseñores nas noites de lúa, a cantar como tí e como todol os nenos que no meu colo aprenderon a lér.

Ti aínda és moi rapaz; ti aínda non podes maxinar este amor ás cousas que foron nosas en tempos, nas que fumos deixando anacos d'entrana. Por eso as xentes fuxen d'elas: por que topan migallas da nosa vida, nemiña sempre de xentes alleas.

O neno

D'eso non lle sei.

O vello (logo dun longo silencio)

Estou a ouvílo todo: o latricar das vellas na adega da Chinta, a conversa do rexidor e do pedáneo na cociña do estanqueiro, as cancións da tola do forno embalando a sua roda de centeo, o bisbiseo do abade rillando nos oremus, a vitrola do Pampero embabelicando á filla do tío Adrián de Matosiños; todo. E oio a parranda que se fai no muiño, e a gaitada dos carros que veñen da roza no coto do Paizás. Todo m'está a falar... e ben sei que as voces están drento de min, que falan en min, e que falan como denantes por que as levei comigo e consérvanse tal cual, aínda qu'os beizos estexan a podrecer na terra, baixo as campas molladas sempre d'auga benta.

Todo está a falar e por máis eu estou a ouvílo todo. Elí os bancos dos nenos, rente da mesa; chí a caixa dos tinteiros, máis alá a

porta do corredor, e por riba o mapa de Galiza. Xa non podo ollar a miña ría de Noia, nin o puntiño miúdo de Miñortos, xunto ao Porto do Son, fronte ao Esteiro, na estrada de Boa.

O neno (qu'escoitou ao vello silenzoso, di pra si sinxelamente).

É un louco.

O vello

Chégate eiquí, meu amiguíño. Non tes mágoa de mín?

O neno (piedoso)

Anda soio pol-os camiños e ha pasalo mal.

O vello

Déixame que te palpe: os cegos ollamos coas mans (palpándoo). Que pel tan soave... e que ollos grandes... e que dedos finiños: son d'emperador. Atende: como é o teu nome?

O neno

Chámome Xosé. Na vila din Pepe, pro eu de verdade chámome Xosé María.

O vello (con noxo)

Xosé María.

O neno

Non lle gusta o nome? Puxéronme o nome do pai.

O vello

Eu coñecín no lugar a un Xosé María, moi ruín pro dime o corazón que non é ese.

O neno

Logo vostede estivo moito tempo de veciño?

O vello

Nove anos.

O neno

E casou eiquí?

O vello

Non, meu fillo, non; ía casar, pro non estaba de Deus.

O neno

Teño ouvido que pro casorio sempre é tempo.

O vello

Pra min xa non. Estiven ben namorado, e por certo da muller mais fermosa que se viu na vida; eu era un poeta e andaba tolo por ela. Pro un día, meu rapaz, un día soupén arrepiado qu'entanto eu non ollaba mais que pol-os seus ollos, aquela condenida bulrábase de min aproveitando os fiadeiros c'un lazán que, sin eu maxinalo, m'estaba roubando a vida. Ti aínda és neno e non podes ouvir certas cousas. En fin; soupén despois que todos e cando aquela cobra ía sere nai, fora de toda lei de xente honrada. Do desgosto rubiuseme o sangue dos miolos, cain doente, fiqui, cego, botáronme da escola... e por ahí ando, por eses camiños endiante, vivindo malamente. Aí de min!

O neno

Coitado! Dáme tristura de vostede. Fique a vivir con nós. Sómolle probes de Deus, pro unha cunquiña de caldo ha chegar pr'os tres.

O vello

Pra os tres?

O neno

O pai morréume. Logo de casar fôise pra Cuba e alá quedou. Hai quen fala mal; o forneiro di que vive aínda e que o sabe por un seu fillo que ten d'emigrante. Non lle sei: o conto é que non voltou a dar probas de si. Eu non-o conocín e a miña nai non fala xamais d'ele. Unha mañan, cando estábamos a traballar no eido, oílle decir que fora un mal home qu'estragara moitas honras: (misteriosamente e con limpa xinxeleza) Unha noite oílle ao forneiro, namentras eu andaba aos grilos sin que ninguén me vise, que meu pai andivera con moitas mozas e non casara con ningunha.

O vello

Quen-o sabe.

O neno

Dáme o corpo qu'era home de moita gaba-chería. Marchou por correr mundos, pois

eiquí gañaba bóns pesos; en catro légoas en roda era o único ferrador.

O vello (descubre no pai do neno ao seu nemigo, mais a piedad pode mais que os odios e suspira magoadado).

Coitada Sabela!

O neno (gozoso)

Logo enton, vostede coñócea?

O vello

A quen?

O neno

Sabela é miña nai.

Na faciana do vello refléxanse as dores imensas, as dúbidas e as incertezas que lle loitan no peito e que pulan por estoirar nun mar de bágoas, que contén sereamente.

O vello

Que denantes ceguen teus ollos, meu neno, que ollar as cousas qu'eu vexo na miña cegueira. Deus te faga feliz, i encha a tua vida de ledicias, de tantas ledicias como me negou a min... Anda, meu ánxo; lévame

pol-a man hastra que cheguemos á pousada de Lebre. Ollándonos xuntiños non ha fallar quen recorde e latrique verbas qu'han pasar sobre ti, sin ferirte, e non poderán chegar a esta outura da miña dor. Imos. Si mañán che preguntan a quen levaches a Lebre, dilles que foi ao vello escolante de San Martiño de Milarelle que voltou despois de moitos anos, por que tendo ensinado tanto n-esta casa, faltáballe adeprender a súa leición: esta limpa leición que ti l'ensinas coa tua bondade. E cando pasen os anos, cando sexas maior, xa home de veras, eu acougue—Deus sabe en que Sagrado!—lémbrate, meu ben, deste vello dorido e desfeito que na noite mais pecha da súa vida alcantreu un beixo pra ti... qu'entón saberás a quen dar-llo da miña parte.

Beixao na fronte e, silenzosos, saen os dous: o neno diante, com'un ánxo do ceo, levando da man ao camiñante de todol-os vieiros.

Unha diviña serenidade nimba este nobre grupo que enfia, repousado, o camiño serrán.

ALVARO DE LAS CASAS.



GALIZA: 1814

ESTAMPAS DE VIAXE

QUEM sería aquela fidalguíña educanda no convento compostelán da Ensiñanza, que fixo a meirande impresión no mozo inglés rianxeiro? Chamábase Claudia nome pastoral: de froita de pomar de pazo. Deixemos falar á limpa tipografía do libro imprentado en Londres por Thomas Davison, Lombard-street, Whitefriars, no 1816: «Ela cumpria seus dazaseis anos e locía todo o eisprendor da saúde e da beleza. Seus grandes ollos negros, seu longo e negro cabelo aínda pechado pol'a toca relixiosa deixaba fuxir vaporosos rizos sobre a neve dos hombreiros, enfeitizando a faciana raiolante da delicada armuíña da yalma chea de pureza e de pas.»

1814. Ano de emozón, de crisis, agarda ao tempo angustiosa i-esperanzada. Romantismo. Xoven Alemaña. Shelley e Byron paseaban polo Sul suas paixóns diverxentes. O trono napoleónico aínda ecoaba longamente nos vales da concenza e dos campos das batallas. Na Iberia fumegaban as ruínas das vilas queimadas, os carros escanastrados do equipaxe de el Rei Xosé salferían o chao de Gazteiz, o prudente Lord remataba as suas metódicas campañas na Basconia além-Bidasoa, os guerrilleiros dispúñanse a ser xenerales ou bandidos, unha enorme feudadela dibuxábase na sociedade hespañola: liberaes, servíles.....

Na sombrisa serán do 19 dos Santos, o mozo inglés Jhon Milford, junior, toma terra peirao da Cruña. Saira o 10 de Ealmonth con noite xiada e limpa, e despedira un pouco romanticamente as *fulaises* de Albión. Encol das ondas sonoras da «Bai of Biscay» (os ingleses teñen a sua xeografía) xurde «a fidalte». Día de mercado: xentes balbordantes, labregos arrempujando porcos e xuvenco, bruido longo das rodas dos carros. A cámara da pousada téñ un sillote e unha mesa, o que asegún o Dr. Jhonson é o cumio da

felicidade humán máis o viaxeiro non comerá cousa boa si un D. Ramón Santos non tivera a xentileza de o convidare ao xantar. Grande legría, e deseguida o desencanto. Día de viernes. Ovos e peixe. O paladar británico non atura o aceite nin o allo peninsoar. A criada, despeiteada, feia, xixante, arremangada, porca, bruidosa, fai tremar o chan e loce «the protuberant rotundity of herbody». Anotemos a primeira aparición da criada da clase media hespañola chamada a tan outos destiños literarios. Menos mal que o viño «provincial» é bon como os cigarros e o inglés de D. Ramón.

John Milford, junior, fica na Cruña deica o antroido que corre do 25 de Febreiro ao 3 do Marzal. Ten moitas amizades. Vai ao teatro, ás tertulias da señora de Mosquera, da señora O'Brien, do coronel Burke. Fala c'un monxe un pouco goliardesco, de ceibe latricada que lle fai lembrar aquil arcidiago de Oxford, Walter de Mapes, o que cantaba:

Mihi sit propositum in taberna mori;
Vinum sit apositum morientis ori;
Ut dicam, cum veneriat angelorum chori
Deus sit propitius hic potatoril»

Na vila hai moitos conventos. Leván os frades disformes sombreiros contorneados pra enriba (ouh, D. Basilio do «Barbeiro»!) e hábetos brancos ou negros cada unha de cuias mangas poderíalles cubrir a cabeza. Nas ruas medran as ladaíñas dos probes de pidir, i-é triste cousa a fame dos prisoeiros franceses, que tamén andan a esmola e algúns días non pasan bocado. As fortes murellas da Cruña son inúteis contra un nemigo dono dos cotos veciños como acontecéu co asedio dos franceses, mais o castelo ergueito nunha illa «has a fine effet». O mais intre-sante é a tumba de Sir John Moore, de pedra sinxela e limpa n'un ampro espazo preto da

mar. Os franceses decorárona con cañóns nas esquinas. Os hespañoes están obrigados a faguer algo en honra do heroi:

«Nunc non e manibus illis
Nunc non e tumulto fortunaque favilla
Nascentur violae?»

Unha mañán foi despertado o viaxeiro por unha malencónica melopea. O corpo de unha dona, con traxe de monxa, as mans en crus, era portado a cobra, entre cirios e cregos. N'unha esquina pousárono no chan, rezaron, e seguiu a eirexe onde o puxeron n'unha táboa no medio da nave namentras os monxes cantaban o requiem dende o coro. No cemiterio o corpo, sin cadaleito, con solo un pano encol da faciana, foi baixado á cobra. Eiqui a indispensable escea byroniana. O sepultureiro pra aprastar o cadavre medio apodrecido de un neno, choutou embaixo producindo un «crack» nas xunturas dos brazos e pernas dos corpos.

Ás veces pasa por pol'as ruas un crego escoltado por soldados, amparado c'unha sombrilla de seda branca c'a crus no outo. As xentes axionlladas comentan quen está en perigo de morte. Moi fermosa a festa do 8 de Nadal: disparan os fortes e os barcos, que se empavesan con bandeiras, e na catedral (?) pronúncianse eloquentes sermóns.

O teatro está millor arranxado que na Inglaterra. O propietario de cada palco garda a chave, van a eles homes e mulleres, mais soilo os homes ocupan as butacas do patio. As obras (non se sabe cales) eispresa ben as paixós mais son de composición «abominably trifling». En troques, moi lindos os bailes «fandangos» e «boleros» que fan pensar nas sátiras de Marcial e nas notas de Scaligero encol das danzarinas hespañolas, despois do teatro váise, unha vez por semana a tertulia da señora de Mosquera. Xógase rexo hastra a medianoite e os dollars fuxen eixiña. As mulleres visten de negro con mantilla branca con negra, son pequeniñas pro simétricas na súa feitura en «small scalle» e gostan de lucir pés feituços e lindos. Os homes de sombrero ollar levan patillas, algus bigotes, deixan a barba descoidada, portan negras capas e fuman noite e día. Eiqui o viaxeiro

deixase levar pol'a lembranza do tempo dos Felipes e o asesinato do conde de Villamediana. Nas noites de vento estase moi ben na tertulia devandita. En particular Tolm Milford procura a conversa fina e sinceira de unha prezosa «señorita» que lle corrixe as fallas de pronunciación como unha antiga compañeira pois eiqui as donas non teñen o orgullo das belezas inglesas. Tamén hai baile e tertulia nas casas de dúas familias británicas. Na dos O' Brien coménzase pol'o vals, e remátase ca «muiñeira» que o viaxeiro xurga danza grotesca semellante con todo a «fashionable dance of the batteuse».

Nótro salón inglés entra quen quer: unha noite tres señoritas irmans apañaron todos os confites que poideron e envolvementos nos panos leváronos pra a casa.

O antraiito ofrece unha continuada escea de «puerilidade, confusión e disipación». Participan os vellos e as nenas: as comparsas levan disfraces eistranos; de frades, osos, con cornos na frente e longos rabos, pantalóns póstos ao rivés, movementos de tolos, disfraces de burros, couceando arreo, e moita xente do agro beilando as danzas do país con castañolas. Por certo que Mr. Milford tén raras ideas sobre os galegos: chama «galicianos» aos veciños das cidades, e «galegos» aos do campo; istes son unha fermosa raza de outos homes barudos, honrados e cheos de hespidalidade, non levan capas, van pes espidos, e suas mulleres son fortes e aturan moitas fatigas.

No Ferrol pasóuno moi ben o noso viaxeiro. Tiña precisión de adeprender o hespañol, cousa dificultosa na Cruña pol'os moitos amigos ingleses, namentras que il sería o primeiro da súa nación que entrase no Ferrol (?) O viaxe por mar é duro; ao pasar a Marola paparon o gran medo; entre as outas ondas perdiase de vista á terra con estare tan preto, e as mulleres choraban e rezaban á Virxe. Dous fortes gardan a entrada; o de S. Phelipe monta trescentas pezas de artilleiría, mais o arsenal. Desde a invasión, atópase en fonda decadencia. Apenas traballa unha ducia de homes, as murallas esmoró-

nanse, moitas ruas apenas teñen habitantes. Noutrotempo todo era fermosura e vida, grandes coches animaban as prazas e ruas moito milliores que as da Cruña.

John Milford aluga por nove dollars no mes a meirande parte de unha casa fermosa e ben situada, dispuñase pra faguer vida recollida. Mais foi estorbado pol-as veciñas do leito e as veciñas do balcón de por parte. Queixándose a patrona da «vermíne» que non o deixara dormir, a muller preguntoulle seu nome cristiano, e ao sabelo queimou herbas de S. Xohan guiando o fume á parte picada do corpo. As donas son moi supertizas e levan rescriptos pendurados do colo. As veciñas, particularmente, unha «Mariquita» intresábanse pol'a soedá do inglés; houbo cartas, citas, e serenatas. (?) A probe laiábase que a querían casar c'un home que lle non gostaba. E todo finou ca clausura da rapaza.

A Semana Santa é fermosa e impresoante. Eirexas ricamente ornamentadas, grandes procisións movéndose pol-a cibdade. Pol-a mañán, na praza principal foi celebrado o «Encontro». Perante o sermón, de tres cartos de hora, chegou diante o púlpito o Salvador arrodeado de Xudeus, as figuras de San Xohán e da Virxe, grandes esculturas de madeira pintada, a da Virxen cuberta de fermoso manto de terciopelo negro; a sua angustia afastándose do Salvador ten gran efecto no público e o mesmo predicador apenas pode contar as bágoas no curso da narración. Ten poderosa e crara voz, oratoria demasiado campanuda. Mais impresoante a procisión da Soedade pol-a noite no grande silencio da moitedume, soilo crebado pol-o tristeiro son dos tambors.

Festas pracenteiras. O vicecónsul da Inglaterra D. Francisco Fernández desvívase por atender ao viaxeiro. No baile orgaizado pol-o 5 reximento da Mariña, as donas ferroláns despois da mullreira, valsaron con fermosa simetría e graciosos e aereos xiros. Deseguida cenouse ben. Mais a grande festa foi ofrecida ao extranxeiro con ocasión de cumprire a maioría de idade. Pol-a mañán diana a cárrego das trompetas mandadas pol-o oficial de garda d-unha das portas da vila. Con tal ledo espetar foi Mr. John dis-

posto pra un lunch, pra a visita das persoas mais calificadas, e ao gran xantar seguido pol-o baile de máscaras. Na maxestosa tar-ta dibuxábanse vivas en dulce. Estrondaron os fogos de artificio e os cañós dos castelos. No baile as comparsas danzaban con «graceful movement». Un grego de turbante, un Húsar napoleónico con mostachos deica os xoenllos, parexas de galegos, bailando as cousas da Terra. Ao remate a languidez do vals.

Mr. Jolm aproveitando un xantar de confianza poido ouservare un interior de pequena burguesía: sôpa, «olla podrida», sardiñas con aceite reseso, cordeiro con desmariado allo. Bo viño de Ribadavia que o autor coida criado nas montañas e costas de Ribadeo. Un crego falador cantou as pasadas grandezas do Ferrol e con grande asombro do invitado dixo que nos días espallados podíase ollar «distintly» a torre de Londres dende a torre de Êrcules. As ideas de caridade e confort do inglés non concordaban co sistema da «sala con alcoba» onde dormía o matrimonio e os fillos, e as fiestras pechadas que obrigaban á queimar froles de espliego pra purificar o ambiente.

A comarca é probe, a xente come mal, os viños galegos se non poden eisportare pol-a falla de camiños e canales. Na costa gárdase o costume de roubar os produtos do naufraxio. As leis, e as xentes civís combátena, e os cregos ameazan cas penas do inferno aínda que pouco fan na terra montesia e inculta sendo eles ademais xentes de supina ifloranza.

Un día Mr. Jolm vai á Xubia distante catro millas á visitare un amigo. Despóis de unha agradabre cazata foron pousar n'un convento posto na cima de un coto. Ben acolidos pol-o prior houbo boa cea e millor viño, en troques no leito estreito e duro se non podía durmir. No convento, n-outrotempo rico, logo roubado pol-os franceses, soilo ficaban oito frades.

De volta ao Ferrol forte trebón que mister Jolm pinta con coores dramáticos. Mais ao pé d-unha impedosa cachoeira, hai unha probe casa, e n-ela pasan a noite cas duas lindas fillas da dona, que gastaron o tempo falando hestorias, cantando e beilando, na-

mentras a espuma da cachoeira mollaba a porta e a lus dos lóstregos palidecía o próbe lume do fogar.

No Ferrol o inglés adianta moito no hespañol grazas ás ensinanzas de unha linda mocíña. Ouserba aos illados cazadores que c-un anaco de pan no bolso percorren a montana días enteiros disparando sobre toda crás de paxaros, e ademira a paixón dos homes pol-o fidalgo xogo do billar.

* * *

A camiñata pra Sant-Iago é fastidiosa. Os cabalos de posta apenas fan cinco millas á hora. Xántase n-unha triste pousada onde viven xuntos homes e bestas, sin que aqueles figuren se dacatare da súa miseria e apenas acciten as propinas dos viandantes. A paisaxe erma e montesia animase xa preto de Compostela con péchos bosques e «praceiteiros vales sorrindo entre as colinas». Sant-Iago é chamado con pouca delicadeza o orinal da Galiza pol-as moitas choivas. Contén algúns fermosos edificios mais as rúas son estreitas, escuras, mal pavimentadas, e teñen cuase todas portales ou «piazzas» pra gardarse da choiva. A catedral de fermosa arquitectura gótica enriquecida por catro nobles torres, ornamentada no interior con gran eleganza, mais o tesouro que contaba unha estatua de ouro do Apóstolo, de enorme valor, foi roubada pol-os franceses. A eirexa e mosteiro do San Martiño son dinos de lembranza. Os monxes gardan a Regoa con máis pureza que todo-os outros da Hespaña, e na rica librería atesouran entre outros prezosos manuscritos, un psalterio do ano 1025. Mr. Jolm mirounos pasear pol-o grande claustro, cousa soilo permitida en certas épocas pois de ordinario soilo saen das celdas pra falar cas visitas n-unha sala especial. N-outra poden recibire ás súas amizades femininas. Na Universidade, n-outro ra sonada, apenas fican uns poucos estudantes.

O maor espazo das lembranzas composteláns de Mr. Milford, están adicadas ao arcebispo e ao vivir das monxas. En canto o prelado recibiu as cartas de recomendación mandou un capelán á pousada. O venerable

arcebispo recibiuo tomando chicutate e doéndose da noite pasada na pousada, fixo istalar ao viaxeiro no pazo, que é grande e cómodo máis sin cousa notabre. A feia aparenza fíxolle lembrar ao tío de Gil Blas, mais baixo tanta grosura gardábase «un fidalgo curazón dos que fan honra á natureza humán». Estaba rodeado de capeláns; un destes, despóis de fumar a metade de un cigarro de papel díulle a outra ao seu señor, que apenas a rematou cafeu n-un fondo soño. A irmá do arcebispo, tamén grosa e acolledora, falou moi ben dos ingleses. Parece que o prelado tiña depositado grande suma de diñeiro nos bancos ingleses i-estaba disposto á camiñar á Inglaterra si o estado crítico da Hespaña o obrigara á deixar a sede.

No pazo arcebispal fáise «bonne chère». O primeiro xantar foi «one of the splendid repast I haderer sat downto». Variadas sopas, «olla podrida», despois a mesa blandease baixo o peso de un sinnúmero de pratos de peixe, carnes asadas e cocidas, de total as castas. O prelado dispuña do «most voracions appetite» e rematou c'unha grande ración de queixo. Houbo dulces e viños escolleitos e tomouse café e licor n-unha pequena cámara, namentras un exército de servintes andaba d'eiquí pra aló. Os criados galegos son honrados, fieis, as veces adquiren grande infruxo nos amos, moitos volven c'un capitalciño á súa aldea. O arcebispo falaba e ría cos seus como si foran mais amigos que criados.

Despoixa do xantar un familiar leva ao mister pra percorrér os edificios notabres da cibdade. Nos días seguintes, e as veces en compañía do arcebispo, visita moitos conventos. Era en todos moi estimado e recibido coma un pái. Pol-as ruas co seu traxe de púrpura, o fermoso peitoral, no dedo a amatista de prezo incalculabre, é saudado con amore e respeito. Máis, asegún o verso do Petrarca:

«Stavasi tutto umile in tanta gloria»

Na Ensiñanza Mr. John namorase de Claudia. Pensa que está pechada, por rúis parentes, nos sombrizos muros. Pol-as noites visitano románticas visións. Síntese un valente «Rinaldo» pra loitar contra todo o exército da beatería e crudelidade dos vellos

costumes. Esperta cheo de terror, maxinando á fermosa doncela afundida nas tebras de un in-pace. No curso do seu viaxe pol-as terras da Hespaña coidóu se procurar novas de Claudia, e soupo que aos poucos meses de mirála no convento, casara c'un «Great Hidalgo».

Algunhas velliñas da Ensiñanza lembraban con terrore a visita do Mariscal Ney. Outras, que non deixaron a casa en trinta anos andiveron fuxidas pol-as campiñas aturando mil traballos.

N'outro convento fíxose música no piano acompañando un crego ca guitarra, perante a visita do arcebispo.

Mr. John non perde ripio da cerimonia de profesión de unha monxa chamando «abba-te» ao oficiante, e disfruta moito ca Misa do Galo. A cauda arcebispal de muitas yardas alongaba o fermoso traxe «crimson». A pro-cisión de coengos levaba a ornamentada imaxe da Virxe posta n-un carro dourado e portada por catro monxes; andaba o botafu-neiro, e as fondas sonoridás do orgao acompañando as voces melodiosas do coro fa-guían un conxunto solene e impresoante.

En «calesa» con cocheiro e mozos de mulas impertinentes fai Mr. John o viaxe a Vigo. Na miserenta pousada de Caldas «del Rey» soilo había viño, cousa extraña n'unha vila que ten un bon balneario con toda cras de divertimentos pra os doentes. A mala pousada de Caldas era xa coñecida dos ingleses. Faguía poucos meses outro viaxeiro tamén mozo faguendo o mesmo camiño, apoderou-se da cocíña da pousada e con cousas que levaba e as que poido mercar pol-as casas do pobo, fixo unha manílica «olla podrida» que puxo sobre o banco a un tempo mesa e asiento. Máis como estaba moi quente, saíu co coitelo e cuberto na man, á vixilar o seu cabalo. Cando voltaba, ancioso de matar moitas fames do viaxe, atopou ao porco meirande do pobo que lle debullara n-un instante todo o condumio. Sin ser dono pra conterse, chantoulle o coitelo na gorxa, e o porco saíu sangrando e berrando, co que se armou un motín de mulleres, un xuicio diante o «ma-

gistrado» e o pago do duplo do valor do marrao, saíndo sin xantar e sin «siesta».

Pontevedra «a torvu peasantly situated upon a hill» con fermosas vistas ao mar e aos cotos cubertos de viñas, ten unha ponte fermosa, algús conventos antigos casa de Xesuitas, os leitos son duros estreitos e falsos pois dormindo na pousada o do inglés afundiuse con grande risada dos compañeiros que durmían na mesma sala.

Non pode ser millor o camiño entre Santiago e Vigo e a comarca chea de viñas e bosques de limoeiros e laranxeiros, forma unha paisaxe «beautifully romantic». Vigo posto sobre unha roca domina unha das millores bádiás da Península. O porto é cómodo. Está cuase deserto pol-as dificultás do tráfico. En troques o viaxe de Vigo a Tui, agás de certos paisaxes e hourizontes, cruza terras cruas e desertas, e soilo se pode viaxar de acabalo, cos «mozos de mulas» que fan o que lles dá a gana. Malas pousadas cheas de nenos, porcos, e galiñas, esca-beches con aceite rancio e allo, algús hovers. Hai ademáis o medo ás partidas de ladrós, máis Mr. John non foi molestado por eles.

Tui, vila ben edificada, ca sua catedral soilo notable pol-a antigüidade, disfróita de ditosos paseos e da vista do val. Elquí noso inglés dí adeus á Galiza e váise pra o Portugal.

John Milford, junior, percorreu grande parte do Portugal e da Hespaña seguindo o camiño dos exércitos de Lord Wellington deica o Bidasoa. E dá conta de todo no libro ti-doado «Peninsular Sketches during a recent tour» adicado con tenrura ao pai, que manda ao fillo ao sair do colexio a correr mundos e adeprender o hespañol. Mozo desperto, ca cultura clásica fresquiña, gran amor ás mulleres e á música, seu «Gil Blas» sempre presente na memoria, un pouco romántico, cazador, patriota, e rico, fai un relato intresan-

te no que destacan a impresión de Madrid, o pazo de Pancorbo, o combate cos bandidos entre Hornillos e Olmedos a descrición de Lisboa, e moitas paisaxes e notas de xentes,

feitos, e costumes que fan dino a iste libro pouco coñecido de figurar na futura colección de viaxes do século derradeiro.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

FALANOS DE RIBADEO

Por FRANCISCO LANZA

(Proseguimento)

Ta boa a navalla que non corta o queixo.
Tar a mantido.

á matar.

como ha d'ir.

com-o can i-o gato.

cheo coma Porto.

levado do demo.

máis cheo (*de un ou de algo*) qu'o gato de tripas.

porta con porta (*ser veciña*).

Ten que se lle diga.

Ter a vaia i-a besta.

d'ollo.

ganas de brégolas.

de contos.

de lerias.

malas pulgas.

máis conchas que un galápagos.

muita terra na Habana (*presumir do que non se ten*).

muitos fumes.

o rabo de palla.

os garabitos.

padriños (*ter quen salla por un, quen o defende*).

sete folgos com'os gatos.

vela n-este enterro.

Tirar da lingua.

Toear o pendín.

o zoco.

Tomar vento á Farola.

Untar o carro

¡Vaia pol-a miña i-alma abaixo!

Vai como rei n-unha cesta pol-o río abaixo.

¡Váiche na misa!

Velo á un o lobo.

unha bruxa, ou as bruxas.

Vender a camisa.

Ver á Dios por un furadín.

Xa cho dirán de misas.

Xogal-o todo pol-o todo.

¿I-agora? Papas ña ola.

Zurrar a badana, ou: a pavana.

MUIÑEIRAS

1 Enguereñeime, desenguereñeime,
nunca me puiden desenguereñar;
enguereñeime co-a criada do cura,
enguereñeime n-aquel zarzal,

2 Fun ô muiño do meu compadre,
fun pol-o vento e vin pol-o aire.

3 Gracias á Dios, miña nai, que cocemos
oito panciños e nove debemos.

4 Indo por nabal alleo
collín un nabo e metino no seo;
anque me boten os caís ô rabo
xuro á Dios non deixal-o nabo.

5 Minguilitín matou á muller,
púxo a en cuartos e foina vender;
á xente que pasa oleulle á touciño
i-era a muller de Minguilitiño.

- 6 Non sei que lle deu nin que lle daría,
rapaza tan nova casarse quería.
Non sei que lle deu nin que lle ha de dar,
rapaza tan nova quereuse casar.

- 7 Quen che mandou cantar, meu frade,
quen che mandou cantar, que che pague.
(*Cítase tamén como refrán*)

- 8 Señora Marica, reprenda o seu galo,
que as miñas galiñas non queren criado;
Señora Marica, reprenda o seu pito,
que anda pol-a calle feito un señorito.

- 9 Tanto bailei co-a criada do cura,
tanto bailei, que me deu calentura;
tanto bailei, que nunca bailara;
tanto bailei, que me namoritara.

DITOS, XOGOS E COSTUMES DOS NENOS

Abecedario

— A, e, i, o, u;
azoutiñas no teu cu.

Arco da vella

— Arco da vella;
vaite d'ahí,
qu'as nenas guapas
non son para tí.

Burlas

Como se fan as agullas. Son tres os que
as fan: Elías, Melías e Melambas. Elías fai
a punta, Melías, o medio, e Melambas...o cu.

— *Fulanín, Fulanón, (1)*
leva os cochos a León;
de León a Puerto Rico
leva un cagallón no pico.

Hai unha cova en Mondigo e *sal* en Porci-
llán. (*En Porcillán, na ribeira de Ribaden,*

(1). Elquí o nome d'un neno ó que se lle quer facer rabiar.

*había antigamente os alfolís do sal, e a eso
se refería a burla copiada).*

—
Manoel caga, mel,
y-as abellas cagan pra él.
A gata caga nata,
e Manoel tod'o papa.

—
Manoeliño
foi o viño,
rompeu o xarro
no camiño.
Mal pol-o xarro,
mal pol-o viño,
mal pol-o cu
de Manoeliño.

—
Pepe, repepe, (ou: Paco, repaco)
camisa cagada,
foi a cocina
lamber a pescada,
tanto lambeu,
que espiñas comeu.

Contos

Pol-a chaminea enriba
vai un foguete,
y-ó que se descuida
cáille un cachete.

—
Unha vez
era pez;
pez aquí,
pez alí,
cagallois de can
pra tí.

Chuvia

Cando chove e vai sol
vai o demo pr'ó Ferrol,
cargadiño d'alfileres
pra cantar no cu ás mulleres.

—
¡Chove, chove,
na casa do probel

Dedos

Este e o máis pequenin,
este e o seu sobrin,
este e o maior de todos,
este e o furabolos,
y-este e o matapollos.

Diálogos

—¿A cantos estamos?
—A vinte de Ramos.
—Cala, burro, cala,
que xa lo pasamos.

—Aí ven o antroído.
—Fúrallo o cú, que o ten ben gordo.
—Fúrallo tú, que tes máis salú.

—Aí ven a coresma.
—Fúrallo o cú cunha lesna.
—Fúrallo tú, que tes máis salú.

—¿Cántas coresmas che meteron?
—Ningunha.
—Anda, burro, que aí che vai unha.

—Doeme a cabeza.
—Dalle contra unha mesa.
—Xa lle din e non me pasou,
arrevente quen me mandou.
—Quen che mandou non está aquí,
cagallois de can pra ti.

—Dóeme a barriga.
—Dalle contra unha viga.

(*Sigue com'o anterior.*)

—Fun ás truitas. —I-eu en tí.
—Collín muitas. —I-eu en tí.
—Púxenlas no prato. —I-eu en tí.
—Comeumas o gato. —I-eu en tí.
—Me cago no gato. I-eu— en tí.

Aguinaldo

Déano o aguinaldo,
Déame « «
señora, por Dios,
pol-o *nacimento*

Mayo.

Aquí ven o mayo,
qué mayo é;
aquí ven o mayo
que mexa de pé.

*Angelitos somos,
del cielo venimos,
bolsa traemos,
dinero pedimos.*

Anque son o mayo,
tamén traigo flores;
ehí viene San Juan,
que las trae mejores.

Levántate, burro,
que tanto dormiches,
que pasou o mayo
e ti non-o viches.

*Eche mayoias,
señor capitán,
eche mayolas
da hucha do pan*

Padrenuestro

Padre nuestro pequenin,
fun *al cielo* e non volvin,
atopei un paxarín
comendo pan e toucin,
e pedílle un bocadín,
tíroume co coitelo
o fucín.

Raposa

A raposa desperta os raposiños, y-éste
quéixanse de que xeou. A raposa di entón:
—Si xeou que xés, hala, de pe e pouca
parola, que si nos oen non botan as churri-
ñas fora.

Rei-rei

O rei-rei, que n'outros sitios chámase a

xoaniña, e a «chrisomela polita». Ponse unha na mau, e dise:

—Rei-rei,
¿cantos anos vivirei?
Vintecinco
e no-no sei.

Síguese aumentando anos, hastra que o rei-rei bota a voar indicando os que vivirá o que a tuvo na mau.

Sapos

Os sapos din cando cantan:

—Marcial,
¿tu vas?
—Eu non,
¿e tí?
—Eu non.

San Sebastián

É un santo pol-o que se tivo muita devoción en Ribadeu. Cando era sacado en procesión, os nenos cantábanlle:

San Sebastián,
a cabalo d'un can;
o can era coxo,
tirouno n'un pozo;
o pozo era frío,
tirouno nun río;
o río era branco,
tirouno nun campo;
o campo era roxo,
tirouno nun toxo;
o toxo picaba,
San Sebastián berraba,
y-o can escapaba,

Varia

Corvos.—Pol-a mañá pasan de Asturias pra Galicia. Entón din que van pra escola. Cando volven ó noitecer, volven da escola. Si se pousan nunha terra, bértraselles:

—¡Queimalos, queimalos!
Y-os corvos fuxen.

Mexar.—E pecado mexar no medio dos camiños, porque se mexa no colo da Virxen.

Paxaros.—Cásanse o día de San Xosé.

Pollos patos.—Pra que non coman as cas-

tañas cruas, diselles os nenos que con elas nacen pollos patos nas cexas.

Xogos

Às escondidas.

Billarda.

Caga i-escapa.

Catro esquinas.

Fabiña.

Fiel-derecho.

Navalliña.

Patefa.

Peón.

Pico en Roma.

Pim-pim.

Salto i-arroba

Santin.

Tres navios á la mar.

OFICIOS

Cesteiro

O cesteiro canta:

—¡Compoñer cestas!

I-os rapaces bértranlle:

—¡Burros e bestas!

Costureira

*Costureira sin dedal,
cose ben, pro apreta mal.*

Ferreiro

*O ferreiro da maldición,
cando ten ferro non ten carbón.*

*Ferreiro maldito
matáchem'o pito
á porta do demo
con sete martelos.*

(Continuaráse)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LIBROS

LE COLLÈGE BARDIQUE DES GAULES.— Ab Gwalwys et Gallos, ASPECTS DE LA QUESTION CELTIQUE, Paris, Hengal, 1933

O celtismo non é somentes un movemento nacionalista que se dea nas terras habitadas por celtas, pra erguer o seu espírito orixinario e recadando liberdade política pra o seu espandimento; é unha chamada que se fan uns aos outros os pobos da raza cara un entendimento n-un espírito común, unha sorte de federalismo espiritual que, na disputa da cultura d'Ocidente, opón a y alma céltica, chea de reservas criadoras, á esgotada e fracasada y-alma latina, á y-alma germánica en camiño d'esgotamento. O celtismo significa tamén, e isto é esencial, unha repulsa da civilización maquinicista, do materialismo, da maquinaria, da ditadura do intrínseco e do lucro, e unha apelación definitiva ao espírito, ao senso tradicional e transcendental da vida. Por iso ten a cuestión céltica tantos aspectos coma problemas o mundo moderno. Contra do relegamento moral, contra da anarquía intelectual da Europa, dobremente ameazada d'Asia e d'América, afirma Jacques Hengal que se debe erguer a y-alma céltica.

Por iso, algúns franceses que consideran a tradición céltica coma fondo fundamental da cultura gaulesa, criaron o Colegio dos Bardos das Galias, do qual iste folleto é unha sorte de manifesto. A Francia, que viviu moito tempo de costas á cultura céltica, esqueceu o ideal da raza, considerándoa inferior e bárbara e entregándose afeito á cultura dos conquistadores latinos. A raza céltica non era bárbara, responden os novos bardos gauleses; de máis barbarie se pode acusar a César na súa conducta cos galos. «Os galo-romanos —di Henri Hubert— quedaron sendo na súa mór parte celtas disfrazados».

Non estamos conformes con algúns detalles do mapa etnográfico que figura no folleto dos Bardos gauleses. Hai reitificacións a facer nil.

A PSICOLOGIA DO MINHOTO,
por A. A. Mendes Corrêa.

S^{EP.} do *Anuario do distrito de Viana-do-Castelo*, na que o A. combate os preconceitos precipitados que encol do asunto co-

rren popularizados por escritores portugueses, Riveira Martins, Aquilino Ribeiro, Ramalho Ortigão, Antonto Arroio e estrangeiros, (Grawford, Link, Hoffmannseg).

NOTAS ETNOGRÁFICAS=JUSTIFICAÇÃO DE UM CATÁLOGO DE MONUMENTOS ARQUEOLÓGICOS PARA O ESTUDO DA ARQUEOLOGIA DO ALTO-MINHO=CAR-TA PRE E PROTO-HISTÓRICA DO DISTRITO DE VIANA-DO-CASTELO, por Abel Viana.

S^{EP.} do id. Notas etnográficas sobre *Sargaceiras, danças* do Alto-Minho, a *Marisqueira*. Uma *junta* ou jugada de festa, o *soajeiro*—O A. justifica e mesmamente o programa do catálogo que preconiza e que ten encomenzado pol-a súa conta.—A carta, que nos amosa unha enorme riqueza en castros, mámoas, dolmens e cistas, o litoral todo cheo de xacementos asturienses e paleolíticos e bastantes insculpturas rupestres, ven acompañada d'un índice toponímico que leva en cada lugar indicación d'achadegós ou indicios e bibliografía.

LINGUAGEM POPULAR DO ALTO-MINHO, por Abel Viana, 1932.

BROCHURA dina d'estudo aprofundado. Contén *vocabulario* (inversión do género, nomes d'animas, de plantas e minerais, termos de mar e de pesca, diversas *modos de dizer*, *particularidades da pronuncia*, *gírias de clases e de familias* (larín de pedreiro, linguas de familias, salgueira), *apelidos de casas, e algunhas*.

CANTARES VIANESES E O FOLCLORE DA GALIZA, por J. R. dos Santos Juniors.

S^{EP.} de id. Compara 15 cántigas vianesas c'outras tantas galegas. O A., tiña ja amostrado nas *Afinidades galaico-portuguesas de folclore* que máis do 30 por cen das cántigas publicadas por Bouza Brey e Brey Bouza no *Cancioneiro das ribeiras do Tea* eran afíns de outras portuguesas, as máis de Barcelos. Na freguesía de Capareiros (concello de Viana) atopou perto de 800 coincidentes co-as do *Cancioneiro popular d'Arousa* do Bouza Brey.



CATALOGO DOS CASTROS GALEGOS

TERRA DE LOBEIRA

ABRANGUE a terra que imos estudar no seu aspecto castrexo, o anaco da beira de-reita da cunca do Limia comprendida dende a desembocadura do Cadós deica daren frente a desembocadura do Avedela, e o val en-teiro de iste riacho, que ten a súa iniciación na soá do Leboreiro e que vai morrer no Li-mia entre as veigas case ribeiráns da parro-quia de Cabaleiros (véxase mapa).

Depende orograficamente todo o país es-prorado, do macizo montesio que por ista banda parte augas entre a Arnoia e o Limia, e que sealcontra constituido, na súa porción máis elevada, pol os montes de Bande, de 1.100 a 1.200 metros de cota sobre o nivel do mar e pol-a serra do Leboreiro, Laboreiro ou Penagache, cuías máisimas altitudes andan pol-os 1.400 metros.

Na súa vertente meridional desce iste ma-cizo cara o val medio do Limia, cuía altura, algo por baixo de Cabaleiros, atingue ape-nas os 125 metros, marcando ó descer aliñam-entos ordeados do norleste pra suloeste. Entre o Avedela e o Limia parten tales aliñam-entos do coto de Taboazas e toman os nomes de monte das Motas e monte do Viso, e pol-a banda dereita do primeiro de aquiles ríos, saen da serra do Leboreiro, e co nome de montes da Cabreira, van baixando deica as penedías dos Castelos de Grou, ligándose nos altos cas terras ermas e bravas da Mon-taña, que xuntamente co Leboreiro fan a raia con Portugal.

Abonda co dito pra comprender que nos alcontramos en presenza de unha rexión da

montana galega cos seus típicos lombos re-baixados e de perfis amprios e dondos, mon-tada n-unha rexa armación de grás e de es-quistos cristaiños que afrora frecuentemente na tona das soás e das ladeiras e na que o traballo da erosión manifestase no rebaixa-mento dos cumiaes e na fondura e fragosi-dade, por veces impresionante, de algunhas valgadas e corgas.

Porque na paisaxe de ista terra de Lobei-ra a i-auga amotra por calquer parte o seu labor continuado e multipre. A corrente do Limia, que dirixe a arranxo de todo o rele-ve, vai primeiro entre ribeiras baixas e des-cansadas e precipitase despois, ó entrar na parroquia de Cabaleiros, pol-as fervenzas das Cunchas, nas que o río soupo labrarse un leite cortando as penedas e abrindo n-elas unha a modo de inxente congostira, pol-a que lanza o seu curso, denantes manso e acouga-do e convertido agora en cachóns i-en es-cumas.

A dereita do Limia estendese o valciño de Montelongo, percorrido por un regueiro de caudal escaso e andar vagoroso que vai mor-rer por riba de Santa Comba, insinuando tan soio, na cha por onde camiña, un lixeiro encetamento ou sucada, e do outro lado do monte das Motas e do monte do Viso alonga-se a perspectiva do val do Avedela, nutrido a esquerda pol-as augas de istos montes, a dereita pol-as da Cabreira e orixinado, como xa dixemos nos debalos meridionaes do Le-boreiro.

O perfil lonxitudinal de iste río, que salva

n-unha longura de 12 kilometros un desnivel de mais de 900 metros, é naturalmente moi pronunciado, determinando o vivo decorrer do seu curso e a abondosidade do seu caudal a formación de un leito de escasa anchura e de ribeiras pinas que se fai notar principalmente nas porcións media e inferior do val, abrindose entre ista especie de cañón e as abas dos montes das divisorias dous escalóns de relativa amplitude que se estenden, o da dereita na metade da costa da Cabreira e o da esquerda por baixo do monte do Viso e das súas derivacións meridionales.

ra outros restos que os escasos albres que arrodean a capela da Nosa Señora, edificada no alto do monte, e un carballo senlleiro, que non sabemos porque miragre, ficou ergueito no medio da costa que dende o regato do Corgo sube a aquel santuario. As talas desordeadas, o aproveitamento abusivo das leñas e o desexo de privaren ós lobos de acocho e goarida foron sen dubida as causas da desaparición da riqueza forestal de ista terra, desbotada case por complot dos comunaes e reducida oxe a algúns souts de castiñeiros e a debesas de carballos de propiedade pri-



LÁMINA L.—CROA DE SANTA CRISTIÑA

En primeiro término o val de Montelongo e no fondo o castro. Nótese na parte baixa a cortadura da peneda, aberta pra practicar a excavación do foso.

O sistema hidrográfico do Avedela compretase cunha serie de regueiros trasversaes que descen de ambos lados do val, en especial do dereito, e que se sinalan nas ladeiras por corgas fondas, en ocasións algo arboreadas.

Parece ser que o bosque ocupaba en tempos relativamente próximos áreas mais considerabeles, e aínda algúns vellos lembraban hai poucos anos a debesa que cobría toda a extensión do Viso, e da que non quedan ago-

vada, que se localizan perto da corrente do Limia e de maneira principal ó pe do curso do Avedela, todo elo sen contar cos amieiros, vidos, sanguños e freixos das beiras dos ríos e regueiros, cos contados frutales que se distribúen nas hortas achegadas ós casares e c'un único e reducido piñeiral, que medra traballosamente no mesmo comenzo da costa das Motas.

A zona mais estensa dos cultivos agrícolas, constituídos por veigas de millo, cen-

tieiras, patacaes, campiños de liño, prados e por algúns tacos destinaídos a precuras hortícolas, sitúase algo por riba das áreas de bosque e ocupa as terras baixas do val do Limia, a valgada de Montelongo e os dous escalóns da cunca do Avedela que denantes sinalamos, aproveitando nos altos do Leboreiro o abrigo das corgas pra insinuar o cultivo do millo e certas ladeiras esporentes pra rotación, comun en toda Galicia, do centeo e as patacas e aparecendo, por cabo nos torróns quentes de Facós, Santa Cruz, Gron e Cabaleiros, as primeiras cepas, plantadas

por lameiriños de gramíneas, leguminosas e compostas, formadas darredor das fontelas e asegún o decorrer dos regueiros.

A terra da Lobeira áchase ocupada por dez parroquias. Duas de elas, as de Baños de Bande e Santa Comba de Bande aséntase no val do Limia e perto da súa corrente. A de Santa Cristiña esténdese no valcino de Montelongo. A de Parada acóchase no comenzo da costa de Leboreiro e a da Fraga gabea valente pol as altas ladeiras da dita serra. Na banda dereita do val medio e inferior de Avedela emprázase as fregresías de



LÁMINA II.—O CRASTO

A fotografía está tomada no lugar en que o outeiro axúntase o resto da serra. Vese a penedra que coroa o castro e a esquerda a caída das ladeiras sobre o Avedela

alí mais pra adorno de eixidos e hortas e por golosina de acios, que con cobizas de vendimas e lágaradas.

A restante porción, e a mais considerabele do país que andamos a describir, é monte raso, coberto por un tapiz apreixado de carpazas (*ericas*, *clístáceas*), de toxo (*ulex*) e de fentos, salferido eiqul e alá por manchas de xestas (*genista*) e por escasísimos grupos de carballizos e interrompido con frecuencia

San Xosé de Grou e na da esquerda as de Lobeira e Santa Cruz, aparecendo por último a de Cabaleiros na confluencia de aquíl río co Limia.

O xeito alongado dos vales e dos terreos propios pro cultivo, fai que a mór parte de istas parroquias orgaícen a disposición dos lugares que as constitúen nun senso lonxitudinal e que tales lugares ordeense de maneira de teren cerca as leiras precuradas o mes-

mo tempo que se apoian nas abas das serras das que se tira o estrume das esterqueiras e o alimento pro gado e pra avenza.

As casas, de pedra e con teitos de tella e n-algunha ocasión de colmo, pertescen normalmente ó tipo de planta rectangular, con baixo e un andar e con escadeira exterior de pedra que dá acceso a un corredor ou solaina. Iste tipo de construción rural, comun en todo o sul de Galicia, agás na zona costeira, presenta eiqui a engadega de fortes tornaventos

roso e ben mantido gracias ós estesos pasteiros comunaes e a abondosidade de rega nos prados de propiedade particular, é pol-o xeral de raza pisca ou minhota, escelente pra un rápido engorde. A avenza de lanares e cabrios, raquitica e dexenerada, sostense pastiscando nos montes pol-o día i-encortellando-se nos máis dos lugares pol-a noite, seguindo o sistema de pastoreio colectivo e con pegoreiros turnados, que se chama *vecetra*.

O tono da vida, sen chegar a misero, é



LÁMINA III. — O COTO DA VILA

A vista está tomada dende o sul do castro. Vese en primeiro término a estrada de Bande á Entrimo. A igrexa parroquial de Lobeira queda tapada pol-os arboredos do cumio. Á esquerda percíbense as terrazas do recinto castreño e a caída das ladeiras sobre o Avedela.

que protexen os teitos contra a forza destrutora das inverñas.

A vida económica das xentes que viven n-ista terra nutrese case escrusivamente da agricultura e da cría de animais domésticos. N-istes derradeiros anos false notar a falla de leiras cultivabeles que provoca a roturación de parcelas nos montes públicos, operación conecida co nome de *alargas* e que déu lugar a que recentemente foran impostas pol-a administración española multas tan legaes coma inxustas. O gado vacuno nume-

estreito e probe, e ista mesma estreiteza, agudizada na parroquia da Fraga, a máis metida na serra de todo o país, fixo que espartaran nas xentes que n-ela viven insospeltadas aptitudes industriais e mercantís que se dirixen de maneira principal ó trato do gado, a fabricación do carbón e ó establecemento de tendas e comercios emprazados en sitios estratéxicos da terra de Bande e nos que se teñen amasado regulares fortunas.

O país de Lobeira pertesce administrati-

vamente á provincia e bispado de Ourense e o partido xudicial de Bande, repartíndose as dez parroquias que deixamos mencionadas nas alcaldías seguintes: Na de Lobeira, as da Fraga, Parada, Lobeira, Santa Cruz, Cabaleiros, San Xés e Santa Cristina. Na de Bande, a dos Baños e na de Lovios a de Gron, e quedando os oito lugares da de San-

go de Sarmiento e de Florez, os habitantes de iste coto, que eran bravos e rexoos como *genízaros*, puñan entón tal teimosíana defensa das liberdades e privilexios consiñados no seu foro, que o bo crego non vacila en comparalos cos cataláns e vizcaínos.

Non sabemos se nos tempos anteriores á conquista román existiría no país que nos




LÁMINA IV.—O COTO DE SAN ADRAO

No primeiro término o outeiro que coroa o coto. Á esquerda e no fondo o val do Límia. Á dereita o descenso sobre o val do Avedela. Na liña do horizonte as terras fronteirizas con Portugal.

ta Comba repartidos, seis en Bande e dous en Lobeira.

Denantes da introdución en Galicia do rexime municipal, que distribuíu as aldeas en aiuntamentos, formou parte a mór porción de ista terra do coto fronteirizo de Lobeira, moi soado na guerra contra a invasión napoleónica. Asegun un manuscrito inédito redactado por un crego do século XVIII, ami-

ocupa un análogo amor á independencia, máis si sabemos que eiquí como no resto da nosa terra a poboación vivía en alturas fortificadas, xeito de habitat indispensable nun período en que a guerra era ocupación de todol os días. Os xacementos protohistóricos de ista clas oxe identificábeles son pol-os menos sete, que ofrecen as seguintes particularidades e características.


Número I

A COROA, DE SANTA CRISTINA

Emprazamento.—Na provincia de Ourense, alcaldía de Lobeira e parroquia de Santa Cristina de Montelongo.

O castro queda situado no confin oriental da parroquia domeando pol-o leste a baixada cara o Limia e pol-o oeste a valgada de Montelongo. Pol-o norte morre n-unha depresión que separa o monte da Coroa de

le no restante da volta asegún a caída das ladeiras. Por baixo de iste recinto corre un terraprán moi acusado de 15 á 70 metros de alto que resulta vertical no noroeste onde se confunde c-unhas irtas penedías. As máisimas alturas do terraprán áchanse pol-o leste, sueste e sudoeste onde mede respectivamente 55, 60 e 70 metros. Pol-o lado do norte



outros outeiros que van cair por riba do río Cadós e pol-o sul desce deica as veigas da fregresía dos Bañas. Dista 400 metros da eirexa parroquial de Santa Cristina e pouco máis de 1 kilómetro da marxe dereita da estrada que vai de Ourense á Portugal pol-o val do Limia (Lámina I). Dende o alto do castro divísase pol-o leste, sueste e sul a cunca superior do Limia; pol-o sudoeste os Cornos de Fontefría, o Xurés, a Nevosa, a serra de Santa Eufemia e os outros montes

eisiste unha especie de escalón de 40 metros de ancho comprendido entre un terraprán superior de 20 metros e outro inferior da mesma altura.

Ó pé do terraprán ábrese un foso de 1 á 6 metros de ancho, con contraescarpa moi fina de 4 á 12 e coroado por un pequeno parapeto. Iste foso áchase oxe colmado na banda do sudoeste e presenta no norleste unha solución de continuidade en forma de canella, que parece sinalar o emprazamento de unha porta. Pol-o sueste, leste e norleste percíbense os vestixios de outro foso exterior que n-algúns sitios ten aínda 6 metros de anchura.

Non se notan en ningún lugar da volta do recinto nin no fronte do escalón, vestixios de muralla ou parapeto. O terraprán non parece tampouco haber tido revestimento de cachote, cousa espricábele pol-a natureza penedenta do terreo, que debéu esculir toda obra de contención e afianzamento dos aterros.



que por aquela banda fan a raia con Portugal e pol-o oeste e noroeste o monte das Motas e o monte do Viso.

Defensas.—Trátase de unha acrópole castrexa c-un recinto central no que abundan as penedías e que aparece aplainada na sua parte media i-encostada con pendur variábe-

Mensuras.—Ten iste castro forma elipsoidal ben acusada e mede, incruindo no eixe

correspondente ó escalón de que atrás falamos, o seguinte:

Do norte ó sul. . . . 210 metros


Do leste ó oeste. . . . 101 metros

Observacións.—Non se perciben por ningures alicerces de casopas nin pedras soltas que denuncien a súa presenza. Rexistrando de vagar a tona do monte, remexida frecuentemente pol-os traballos da roza do esquilmo, recollimos testos moi pequenos de

Folk-lore.—O ilustrado escolante de Lobeira, Don Alexandro Otero recolléu a seguinte cantiga:

«Dende a fonte de Ouro
hastra a ponte Mixarela
hai máis ouro que terra».

Convén advertir que a fonte de Ouro ou do Ouro é unha fonteliña que eisiste ó pé do Castro e que a ponte Mixarela é unha ponte



cerámica de tipo castrexo, lisos os máis, e catro con decoración de liñas riscadas (figura I) n-un dos cuaes semella iniciarse un adorno en zig-zag metido entre duas riscadelas horizontaes. Recollimos asimesmo abondosos roxóns de fundición de ferro.

Perto xa do foso do castro e pol-a banda do noroeste desemboca un camiño fondo ou congostra que empalma co carreiro que vai á eirexa parroquial de Santa Cristiña, e do que nos ocuparemos ó falarmos do coto da Xulleira.

sobre o río Cadós, construída quizáis nos fundamentos de unha obra romá.

* * *

Unha vella de Santa Cristiña con quen falamos a primeira vez que visitamos o castro no ano de 1922 contounos o que sigue:

«N unha mañá de San Xohán, denantes de saír o sol, un home viu dende o monte de Bouza Chá, soalleiros dos mouros na Croa. O tal home botou á correr deseguida pra

ver que era aquilo, mais cando chegou o sitio os mouros xa fuxiran con todo.

«Outro día indo unha muller cas ovellas e levando un cán que tiña un axouxo encogado no pescozo, o cán deu en correr arriba e abaixo pol-a Croa e meteuse por unha porta que había ali aberta e despois de tres días foi sair o río Limia por baixo dos Baños de Bande».


«No sitio por onde saíu hai un cruceiro asolagado na iauga e os nadadores que asolagan moito aínda lle dan cos pés. E a mu-

ticias que en parte confirman e completan as que deixamos consinadas.

«Na Croa puñan os mouros as súas tendas. Istes mouros eran indomábeles».

Bibliografía.—Barros Sivelo (*Antigüedades de Galicia*, A Cruña, 1875, páxina 45 e lámina que vai ó lado) reproduce dúas estranhas puntas de saxeta de feitura alongada, con haste cilíndrico e munidas no arranque da folla de un pequeno disco, que califica de lanzas de cobre e di atopadas, pol-o menos unha, en Santa Cristina de Montelongo.

Díaz Sanjurjo (*Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino en la provincia de Orense*, B. de C. de Monumentos)



Cerámicas con decoración riscada da Croa, de Santa Cristina de Montelongo.

ller cando se meteu o cán pol-a porta sentiu dentro un gaiteiro e moita xente que beilaba, i-entón acercouse mirou e viu que os bailarís eran xigantes».

«Os mouros da Croa quixeron de unha vez levar alá o río Cadós, máis cando o facían, chegou o Señor Sant-Yago e matounos á todos».

Na nosa segunda visita feita no vruu do 1932 acadamos de un rapaz as seguintes no-

de Ourense, vol. II, páxs. 339 e 340) di falando do castro que nos ocupa:

«En sus proximidades (nas dos Baños de Ban^{de}) existe un monte denominado castro, en que a más de las tejas romanas, hay un recinto de unos 1.500 metros formado por un profundo foso abierto en roca en gran parte».

«Este recinto está unido por una especie de camino cubierto, abierto también en roca, con la iglesia de Santa Cristina de Montelongo, que parece haber sido un puesto avanzado».

(Catalogado por Xaquín e Xurxo Lourenzo e Florentino López Cuevillas.)

(Continuaráse)



A hixiene dos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.

Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o máis perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA

SANTIAGO